



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sexualidade e saúde

Materia	Sexualidade e saúde			
Código	005G130V01912			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Lameiras Fernández, María			
Profesorado	Lameiras Fernández, María			
Correo-e	lameiras@uvigo.es			
Web	http://https://www.facebook.com/PT1ourense?ref=tn_tnmn			
Descrición xeral	Partimos da premisa de que o desenvolvemento integral da persona pasa por recoñecer a importancia e o valor da educación afectivo-sexual, que debe ser contemplada como un dereito do individuo de recibir unha educación integral, e dentro dun eixe coeducativo no que se prime o traballo de valores igualitarios de corresponsabilidade e respecto. Xa que a sexualidade, como dimensión fundamental dá persoa, discorre inseparable da nosa realidade e identidade persoal, e o mesmo tempo dende a súa dimensión interpersonal-relacional permítenos aproximarnos conxuntamente a afectividade e a súa manifestación.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
B3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
C1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, lexislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
C2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
C5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
C7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicalas ás realidades socioeducativas
C8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
C10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)
C11	Organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre
C15	Deseñar, aplicar e avaliar programas para a inserción social e laboral
C19	Administrar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, en función de diferentes contextos e necesidades
D2	Planificación e organización
D3	Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega
D9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
D10	Recoñecemento e respecto de a diversidade e multiculturalidade
D14	Adaptación a situacións novas

D18 Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida

D20 Orientación á calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Promover a comprensión dos importantes vínculos que poden establecerse entre a sexualidade e o afecto, e as repercusións do que eres ten na expresión da sexualidade	A3	B3	C1 C5 C7	D3 D9 D10
Adestrar no manexo de técnicas para o deseño e a implementación de programas de educación afectivo-sexual	A5	B2 B3 B5 B6	C2 C5 C8 C10 C11 C15 C19	D2 D10 D14 D18 D20

Contidos

Tema	
Bloque I. O ESTUDIO CIENTÍFICO DA SEXUALIDADE HUMANA	- O ESTUDIO DA SEXUALIDADE HUMANA: FUNDAMENTACION DO SEU ESTUDIO CIENTIFICO NO SECULO XIX. - HACIA A FORMALIZACIÓN DO ESTUDIO [CIENTÍFICO] DA SEXUALIDADE HUMANA: A ENTRADA NO SÉCULO XX. - O ESTUDIO CIENTIFICO DA SEXUALIDADE NA SEGUNDA MITADE DO SÉCULO XX: A CONSOLIDACIÓN
Bloque II. SEXUALIDADE E IDENTIDADES	-APROXIMACIÓNS TEÓRICAS: SEXUALIDADE E IDENTIDADES. -A CONSTRUCCIÓN DA IDENTIDADE SEXUADA: O MODELO BINARIO HETERONORMATIVO. -OUTRAS IDENTIDADES LEXITIMAS
Bloque III SEXUALIDADE DESDE O MARCO DA SAUDE INTEGRAL: PLACERES, PROBLEMAS E VIOLENCIA	- OS CRITERIOS DA SAUDE SEXUAL - SEXUALIDADE E O PRACER SEXUAL - SEXUALIDADE E OS RISCOS: EMBARAZOS NON DESEXADOS E AS ITS E VIH/SIDA - VIOLENCIA DE XÉNERO: AS MÚLTIPLES VIOLENCIAS SEXUAIS: OFFLINE E ONLINE

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	19	0	19
Traballo tutelado	15	45	60
Traballo tutelado	5	20	25
Presentación	3	2	5
Exame de preguntas obxectivas	1	36	37

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo tutelado	O/a estudante desenvolverá de xeito GRUPAL a implementación e avaliará dunha parte do programa "Ni On ni Off" (Rodríguez et al., 2021) de prevención do (ciber)acoso sexual a un grupo de estudantes de secundaria.
Traballo tutelado	O/a estudante desenvolverá de xeito INDIVIDUAL un material audiovisual de duración 3-5 minutos seguindo as indicacións da profesora, que será exposto no GM a partir da análise previa dalgún documento escrito ou audiovisual.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo ou actividade.

Atención personalizada

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Traballo grupal: implementación e avaliación do programa "ni On ni Off" (Rodríguez et al., 2021) a un grup de estudantes de secundaria.	40 A5	B2 C2 D2 B5 C8 D9 B6 C10 D10 C11 D14 C15 D18 C19
Traballo tutelado	Traballo individual e participación nas actividades levadas a cabo na aula.	10	
Presentación	Exposición da implementación do programa implementado e avaliado.	20	C7 D2 D3 D20
Exame de preguntas obxectivas	examen de 30 preguntas de tres opcións de resposta	30 A3 A5	C1 C5 C7

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA

Alumnado que se acolla a modalidade de avaliación continua debe ter unha asistencia do 80% tanto en Gran Grupo como en Grupos Medianos. A avaliación continua segue os criterios da guía docente (ver na Web da Facultade o calendario de exámenes).

Para aprobar a materia é obrigatorio ter aprobadas tanto a parte teórica (examen) como a parte práctica (traballos).

AVALIACIÓN GLOBAL

O alumnado que non cumpra o criterio da asistencia (80%) ten que ir a avaliación global seguindo os seguintes criterios:

Para superar a parte teórica da materia ten que realizar dúas probas obrigatoriamente no mesmo día:

1. Exame proba obxectiva tipo test: Ata 4 puntos, debendo o/a alumno/a conseguir un mínimo de 2 puntos para superar esta proba (a nota total supón o 40% da cualificación da materia). Cada dúas preguntas fallidas no exame, restará unha correcta. Contidos de exame: temas todos os bloques da materia.

2. Exame oral: Ata 2 puntos, debendo o/a alumno/a conseguir un mínimo de 1 punto para superar esta proba (a nota total supón 20% da cualificación da materia). Contidos de exame oral: temas todos os bloques da materia.

Para superar a parte práctica da materia:

1. Traballo: ata 4 puntos pola realización dun traballo audiovisual de duración no superior a 15 minutos referido a unha temática relacionada co temario teórico-práctico da materia centrado no análise de 4 artigos de revistas científicas publicados entre 2022-2023-2024, ou de informes, ou material audiovisual sendo a nota mínima para aprobar a actividade 2 puntos (a nota total supón o 40% da cualificación do alumno/a).

Os traballos deberan entregarse o día do exame na plataforma Moovi da materia.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

As datas oficiais dos exames e de revisións poden consultarse na web da Facultade de Educación e Traballo Social. En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Lameiras, M., Carrera, M. V. y Rodríguez-Castro, Y., **PRIMERA PARTE: Sexualidad y Salud. El estudio de la sexualidad humana desde la perspectiva de género.**, Servicio Publicacións da Universidade de Vigo., 2013

Rodríguez-Castro, Y., Lameiras, M. Carrera, M. V. y Alonso, P., **Sexualidade e Saúde. Proposta didáctica**, Servicio Publicacións da Universidade de Vigo., 2014

Lameiras, M., Rodríguez-Castro, Y. Ojea, M. y Dopereiro, M., **Programa AGARIMOS: Programa coeducativo de desarrollo psicoafectivo y sexual.**, Pirámide, 2004, 2010 (2ª ed.)

Lameiras, M. y Carrera, M.V., **Educación sexual. De la teoría a la práctica**, Pirámide, 2010

Rodríguez Castro, Y., Alonso, P., Martínez, R. y Adá, A., **Ni on ni off: programa coeducativo de prevención de (ciber)acoso sexual**, Aranzadi, 2021

Ekman, K. E., **Sobre la existencia del sexo. Reflexiones sobre la nueva perspectiva de género.**, Catarata, 2021

Errasti, J. y Pérez Alvarez, M., **Nadie nace en un cuerpo equivocado: Éxito y miseria de la identidad de género**, Deusto, 2022

Misse, Miquel, **A la conquista del cuerpo equivocado**, EGALES S.L, 2020

lameiras, M.; Rodriguez, Y. y Adá, A., **El cuerpo del delito: la cosificación sexual de las mujeres**, Tirant Humanidades, 2022

Lameiras, M., Rodríguez, Y. y Martínez, R., **La educación sexual en España: de las leyes a las aulas**, 2023

Bibliografía Complementaria

Rodríguez-Castro, Y., Lameiras-Fernández, y Carrera-Fernández, M. V., **Amor y Sexismo: una peligrosa relación en los y las adolescentes gallegos/as.**, doi: 10.17979/reipe.2015.0.02.234, 2015

Rodríguez-Castro, Y., Alonso, P., Lameiras, M. y Faílde, J.M., **Del sexting al cibercontrol en las relaciones de pareja de adolescentes españoles: análisis de sus argumentos.**, <http://dx.doi.org/10.14349/rlp.2018.v50.n3.4>, 2018

Lameiras, M., Carrera, M. V. y Rodríguez Castro, Y., **La educación sexual: un derecho en la [lista de espera] del sistema educativo en España.**, 2019

Rodríguez Castro, Y., Lameiras, M., Carrera, M. V. y Vallejo, P., **La fiabilidad y validez de la escala de mitos hacia el amor: las creencias de los y las adolescentes.**, 2013

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Intervención en saúde e educación social/O05G130V01902

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Xénero e educación social/O05G130V01305

Habilidades sociais en educación social/O05G130V01404

Mediación en conflitos e situacións de violencia/O05G130V01502

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).